

AXAR

REVISTA XUVENIL OURENSÁ • Nº 45






Tempos de troula

O pasado mes de xuño, entre os días 3 e 21, polas tardes, tivo lugar “Tempos de Troula”.

Neste proxecto, a cativada de Educación Infantil e Primaria gozou dunhas semanas nas que tiveron cabida momentos de teatro, cociña, ciencia, xogos de mesa e moito máis. O horario era de 15:00h a 17:30h, polo que se mesturou a conciliación familiar coa oportunidade para a rapazada de coñecerse entre si e gozar estando xuntos.

Laura Fernández



Mañás de verán

Infantil

As “Mañás de Verán”, coa novidade de que este ano se ampliou unha semana máis, encheron os patios de Salesianos - Ourense na súa 19ª edición, unha vez rematadas as clases.

Os máis pequenos tiveron dúas saídas por semana, unha ao parque e outra á piscina, así como xincanas de auga tamén semanais.

Ademais disto, fixemos outras actividades como científicos tolos, contacontos, arte divertida ou obradoiros sobre as emocións, entre outras.

A cativada pasouno de marabilla; todos viñan moi contentos todos os días, co que o equipo animador tamén o pasou xenial.

Laura Fernández





Mañás de verán

Primaria

Entre o 24 de xuño e o 26 de xullo tivo lugar o campamento “Mañás de Verán”. Nel, arredor de 350 rapaces e rapazas, con idades comprendidas entre 6 e 14 anos, e 35 animadoras/es conviviron polas mañás.

Durante esas semanas leváronse a cabo moitas actividades nas que toda a rapazada puido gozar da ampla e variedade de xogos. Realizáronse dende xincanas de auga ata experimentos de ciencia, pasando por obradoiros, visitas ás piscinas de Oira e moito máis.

Foi unha grande oportunidade para compaxinar conciliación familiar co xogo e a diversión da rapazada de Ourense.

Laura Fernández



Campamento Saltimbanquis

Na última fin de semana de xuño tivo lugar o campamento de Saltimbanquis en Cambados, un lugar no que todo parece máis máxico e no que non me importaría pasar todo o verán.

De Ourense fomos seis nenos e nenas mais eu, e aínda parezan poucos, son suficientes para pasalo ben. En total eramos dezanove pequenos e seis animadores, dous deles coordinadores, a quen lles damos as grazas por facer posible esta aventura de Hakuna Matata e polo esforzo que fixeron por preparar todo nos seus tempos libres.

A pesar de ser o meu primeiro campamento como animadora, funme adaptando bastante ben, en parte grazas á axuda doutras animadoras e ao apoio dos coordinadores. É verdade que ao principio non sabía moi ben que facer e estaba un pouco perdida porque era algo novo para min, pero foi unha experiencia que volvería a repetir. Quizais o que máis difícil me resultou foi seguir o ritmo das actividades, sobre todo o primeiro día, porque é un campamento moi intenso ao ser poucos días e tiña a dificultade engadida de que non coñecía a case ningún; pero aínda que non saíu como estaba planeado, a cativada pasouno moi ben e nós tamén, e iso paréceme que é o máis importante.

Mariángel Fernández





Andaina

O Campamento Andaina 2024 celebrouse en Cambados, do 30 de xuño ao 7 de xullo. Desde Amencer participaron 40 nenos e nenas e 7 animadores, entre un total de 177 participantes. A temática foi o oeste americano, enfocada en valores de traballo en equipo e construción dun futuro mellor. A narrativa central baseouse na creación dunha liña férrea que unira o leste co oeste dos Estados Unidos, partindo de cidades como "Ourense Bronx".

Durante o campamento, realizáronse actividades variadas: obradoiros, xogos de auga, mercado, eucaristía e días de baño na praia. Cada participante mantivo un rol fixo, evitando cambios diarios. A experiencia fomentou a convivencia, amizade e habilidades sociais, culminando cunha emotiva velada final tras chegar a San Francisco.

Aina Fernández



ADS

Dende o domingo 7 de xullo ata o domingo 14, a rapazada de ADS do noso centro xuvenil puido gozar dunha divertida semana en Cambados xunto outros ADS de distintas cidades do noroeste de España.



Aínda que a climatoloxía non foi óptima, houbo moitas actividades e excursións nas que a rapazada o pasou moi ben; fixeron moitas amigas e amigos e construíron lembranzas que de seguro non esquecerán endexamais.

O campamento clausurou o seu Hotel "Cinco estrelas e unha lúa" cunha cea de gala e unha gran noite de verbena.

Este campamento foi a expresión de que "a mal tempo, mellor boa cara" e iso é algo que en ADS non pode faltar.

Ata o ano que vén !!!!

Martín Pérez





ADOS


Dende o 14 ata o 21 de xullo, 58 rapaces e rapazas con idades comprendidas entre 14 e 16 anos, 7 animadores e 1 salesiano da Asociación Xuvenil Amencer, participamos no campamento de verán dos grupos xuvenís ADOS 1 e ADOS 2 en Cambados.

Con 6 núcleos temáticos, comezando polo propio coñecemento persoal, pasando por un proceso de maduración e facendo camiño cun estilo de vida coma o de Xesús de Nazaré, traballados durante estes días, pretendemos transmitir a idea de que estamos vivos e compartimos a nosa vida con outras persoas coas que nos comunicamos e crecemos.

Baixo o nome "Vive a Vida", durante unha semana desenvóléronse distintas dinámicas e actividades nas que a experiencia-vivencia precedía a un momento de reflexión.

Un verán de tempo libre educativo asegurado!

Pablo Méndez



Curso de monitores (Logroño)

Durante case un par de semanas de xullo, estivemos nun curso de animadores en Logroño dous animadores de Amencer xunto con outros trinta e catro monitores doutros centros xuvenís de España. Gozamos da boa compañía de Josele, quen nos axudaba en todo e ensinaba como ser mellores animadores salesianos. Tamén tivemos outros profesores animadores que nos especializaban un pouquiño máis en materias relacionadas coa animación e a seguridade da rapazada. Aínda que non todas as clases foron tan divertidas e prácticas, aprendemos moita teoría útil para empregar nos nosos centros xuvenís. O bo deste curso é que eramos poucos e era moi fácil facer un bo grupo; ademais a xente era moi amable e non te xulgaba por opinar diferente nos debates que faciamos, nin por ter moitas dúbidas á hora de tratar aos nenos, senón ao contrario, axudábante a buscar posibles solucións desde o seu punto de vista. E en xeral, a pesar da calor, pasámo-lo moi ben todos xuntos, algo moi importante.

Mariángel Fernández





Campobosco (Turín)

Pois si... A Turín marchei hai uns días cargada de intriga por saber en que consistía esta experiencia da que tanta xente me falara. Sempre, desde que recordo, formei parte do ambiente salesiano, pero esta viaxe coñecendo tan de preto a Xoán Bosco (onde viviu, creceu, soñou e acompañou a tanta xuventude) fíxome sentir parte de algo moi importante: a Familia Salesiana. Gozar estes días con tantos mozos e mozas que viven o espírito salesiano e que fan que o testemuño de Xoanciño siga vivo, cargoume as pilas para seguir sendo animadora no centro xuvenil e transmitirles aos nosos andainas que hai que estar sempre alegres e que Don Bosco está ao noso carón acompañándonos en cada paso...

Fantástica experiencia sen dúbida!

Sara Vila



CUX

O Campamento Urbano tamén contaba cunha oferta para maiores de 16 anos: o Campamento Urbano Xuvenil, cun horario de 22:30h a 00:00h. Houbo un día de obradoiros no que se fixeron lanyards. Outro día estivo dedicado a competicións de furor musical. Tamén houbo un taller de cociña e cea, así como un gran xogo chamado "Rommel e Montgomery". Por último, houbo unha noite de terraza que se xuntaba coa despedida dos maiores e na que contamos coa presenza dun Dj para amenizar os bailes e a festa.

Laura Fernández





CU

O pasado 1 de agosto comezou o Campamento Urbano para mozos de 8 a 16 anos. Nel participaron preto de 900 rapaces e 100 voluntarios. Cada día estivo dedicado a diferentes actividades, como un xesto conxunto nas pontes da cidade no Día da Benvida, exhibicións culturais no Día da Cultura Urbana, ou actividades deportivas no Día dos Deportes. Tamén houbo xornadas de convivencia, como o Día da Natureza, o Día da Xuntanza e o Día da Auga, ademais dun Día de Entroido por Barrios.

O campamento rematou con despedidas para os maiores, unha festa con DJ e cea, e para os pequenos, unha festa da escuma e discoteca infantil.

Laura Fernández





alfer



AXAR

Revista Xuvenil Ourense
Nº 45 — CAMPAMENTOS VERÁN 2024

Edita: Asociación Xuvenil Amencer



Director: Xulio C. Iglesias.

Redacción: Laura Fernández, Mariángel Fernández, Aina Fernández Campos, Martín Pérez, Pablo Méndez e Sara Vila.

Corrección lingüística: Bibiana Martínez.

Diseño e maquetación: Visualq.

Depósito legal: OU 323-2021.

Praza don Bosco, 1 – baixo • 32003 Ourense

Tfno. e fax: 988 218 123

Correo-e: amencer@amencer.org

Web: www.amencer.org

AXAR non comparte necesariamente as opinións expresadas nas súas páxinas.

